

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001148	As Mariñas	Betanzos	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CBTMV11	Mantemento de vehículos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3044	Amovibles	2023/2024	7	208	249

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	PABLO CAMBÓN BERTOIA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo profesional de Amovibles do Título Profesional Básico en Mantemento de Vehículos, pertence á familia profesional de Transporte e Mantemento de Vehículos, según o Real Decreto 127/2014, do 28 de Febreiro.

O perfil do Título Profesional Básico en Mantemento de Vehículos desarrolla as seguintes Cualificacións Profesionais:

- TMV194\_1: Operacións auxiliares de mantemento de carrocería de vehículos.
- TMV195\_1: Operacións auxiliares de mantemento en electromecánica de vehículos.

A súa vez, o módulo profesional de Amovibles está vinculado a unidade de competencia UC0621\_1: Desmontar, montar e substituír elementos amovibles simples dun vehículo, do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Por outro lado, entre as competencias profesionais propias deste módulo profesional encontráanse as seguintes:

- Desmontar, montar e substituír elementos amovibles simples do vehículo, aplicando os procedementos establecidos polo fabricante nas condicións de calidade e seguridade establecidas.
- Reparar e substituír as lunas do vehículo, aplicando os procedementos especificados polo fabricante nas condicións de seguridade e calidade requeridas.
- Manter operativo o posto de traballo, e preparar equipos, útiles e ferramentas necesarias para levar a cabo as operacións de mantemento de vehículos.

### ENTORNO PROFESIONAL

As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade no sector de mantemento de vehículos, principalmente en talleres de reparación e concesionarios de vehículos lixeiros, industriais, agrícolas e de obras públicas.

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes son os seguintes:

- Axudante na área de carrocería.
- Auxiliar de almacén de recambios.
- Operario en empresas de substitución de lunas.
- Axudante na área de electromecánica.
- Operario do taller de mecánica rápida.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A carrozaría o os seus compoñentes.	Materiais empregados na fabricación dos vehículos e as súas carrozarías. Identificación do vehículo. Tipos de vehículos. Tipos de carrozarías. Compoñentes dunha carrozaría. Denominación das pezas da carrozaría.	39	16
2	As unións desmontables no automóbil.	Unións atornilladas. Unións remachadas. Unións articuladas. Unións pegadas (non estruturais). Outros sistemas de unión.	70	28
3	Elementos amovibles, mecanismos de peche e elevación..	Portas. Capó. Portón traseiro. Tapa de maletreiro. Aletas dianteiras. Frente dianteiro. Paragolpes. Asentos. Revestimentos interiores. Elementos exteriores. Sistemas de peche de portas e eleválúas.	70	28
4	Lúas.	O vidro. Lúas calzadas. Lúas pegadas. Reparación de lúas laminadas. Lúas tintadas.	70	28

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A carrozaría o os seus compoñentes.	39

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Substitúe as pezas exteriores e os accesorios básicos do vehículo, tendo en conta a relación entre o material extraído e o seu sistema de unión e posición	NO
RA4 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os tipos de materiais de carrozaría (aceiro, aluminio plástico, etc.) coa técnica de unión utilizada
CA1.3 Relacionáronse os accesorios susceptibles de ser substituídos co tipo de carrozaría e as súas características estruturais
CA1.5 Comprobase que a peza que se vaia substituír garde as mesmas características estruturais e metrolóxicas
CA1.7 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e as técnicas adecuadas
CA1.9 Comprobase a calidade do traballo realizado e corríronse as anomalías detectadas
CA4.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA4.2 Identifícanse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA4.3 Aplicáronse en todo o desenvolvemento do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental
CA4.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA4.5 Identifícanse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller de preparación de superficies, e depositáronse nos seus contedores específicos
CA4.6 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA4.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Constitución xeral dun vehículo.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.
Protección ambiental.

**Contidos**

Reciclaxe de produtos.

Directivas de residuos e de envases.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	As unións desmontables no automóbil.	70

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Substitúe as pezas exteriores e os accesorios básicos do vehículo, tendo en conta a relación entre o material extraído e o seu sistema de unión e posición	NO
RA2 - Realiza operacións básicas de desmontaxe e montaxe de gornecementos e do conxunto de pechamento e elevación de cristais, tendo en conta a relación entre a funcionalidade dos elementos e as especificacións de fábrica	NO
RA4 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Relacionáronse os tipos de unións recoñecendo as súas características en función dos métodos utilizados
CA1.5 Comprobouse que a peza que se vaia substituír garde as mesmas características estruturais e metrolóxicas
CA1.7 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e as técnicas adecuadas
CA1.8 Igualouse a peza substituída coas pezas adxacentes mantendo as cotas establecidas por fábrica
CA1.9 Comprobouse a calidade do traballo realizado e corríronse as anomalías detectadas
CA2.10 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA4.1 Identificáronse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA4.2 Identificáronse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA4.3 Aplicáronse en todo o desenvolvemento do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental
CA4.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA4.5 Identificáronse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller de preparación de superficies, e depositáronse nos seus contedores específicos
CA4.6 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA4.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Unións desmontables, roscadas, remachadas e pegadas.
Cintas adhesivas e placas insonorizantes.
Unións articuladas.
Outras unións.

**Contidos**

Normas de seguridade.

Equipamentos de protección individual.

Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.

Protección ambiental.

Reciclaxe de produtos.

Directivas de residuos e de envases.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Elementos amovibles, mecanismos de peche e elevación..	70

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Substitúe as pezas exteriores e os accesorios básicos do vehículo, tendo en conta a relación entre o material extraído e o seu sistema de unión e posición	NO
RA2 - Realiza operacións básicas de desmontaxe e montaxe de gornecementos e do conxunto de pechamento e elevación de cristais, tendo en conta a relación entre a funcionalidade dos elementos e as especificacións de fábrica	NO
RA4 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.4 Realízouse con destreza a substitución de elementos amovibles exteriores da carrozaría coas ferramentas e cos utensilios propios para cada caso, e xustificouse a técnica utilizada
CA1.5 Comprobouse que a peza que se vaia substituír garde as mesmas características estruturais e metrolóxicas
CA1.6 Realízouse a substitución de accesorios básicos do automóbil, aplicando os pares de aperto establecidos e segundo as recomendacións de fábrica
CA1.7 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e as técnicas adecuadas
CA1.8 Igualouse a peza substituída coas pezas adxacentes mantendo as cotas establecidas por fábrica
CA1.9 Comprobouse a calidade do traballo realizado e corríronse as anomalías detectadas
CA2.1 Relacionouse o tipo de gornecemento coa posición e os elementos que protexe
CA2.2 Relacionáronse todos os elementos que se fixan sobre o gornecemento co seu funcionamento básico e a súa unión a este
CA2.3 Realizáronse operacións de desmontaxe de gornecementos aplicando os elementos de unión adecuados (roscaxe, grampaxe, pegado, etc.) e seguindo as normas establecidas por fábrica
CA2.4 Relacionáronse os equipamentos, os utensilios e as ferramentas coa súa función e coas súas prestacións no proceso de desmontaxe de gornecementos
CA2.5 Desmontouse ou substituíuse a lámina impermeabilizante e as placas insonorizantes da porta coa precaución requirida e segundo as normas establecidas por fábrica
CA2.6 Relacionouse o tipo de pechamento (mecánico, eléctrico, pneumático, etc.) coas súas características, cos elementos que o compoñen e coa súa situación no vehículo
CA2.7 Realízouse o proceso de desmontaxe da pechadura segundo os procedementos e as precaucións establecidas por fábrica
CA2.8 Realízouse a desmontaxe do elevador de cristais identificando o tipo de mecanismo de accionamento, as súas características construtivas e as precaucións que haxa que ter en conta á hora de montar o cristal
CA2.10 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA4.1 Identificáronse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA4.2 Identificáronse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA4.3 Aplicáronse en todo o desenvolvemento do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental



Criterios de avaliación
CA4.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA4.5 Identificáronse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller de preparación de superficies, e depositáronse nos seus contedores específicos
CA4.6 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA4.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
<p>OParagolpes: técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.</p> <p>Teitos solares e capotas.</p> <p>Accesorios.</p> <p>Portas: técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.</p> <p>Capós: técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.</p> <p>Portón traseiro e tapa do maleteiro.</p> <p>Aletas dianteiras.</p> <p>Gornecementos: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.</p> <p>Mecanismos de pechamento e elevación.</p> <p>Pechamentos.</p> <p>Elevadores de cristais: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.</p> <p>Normas de seguridade.</p> <p>Equipamentos de protección individual.</p> <p>Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.</p> <p>Protección ambiental.</p> <p>Reciclaxe de produtos.</p> <p>Directivas de residuos e de envases.</p>

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Lúas.	70

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza operacións básicas de desmontaxe e montaxe de gornecementos e do conxunto de pechamento e elevación de cristais, tendo en conta a relación entre a funcionalidade dos elementos e as especificacións de fábrica	NO
RA3 - Repara e substitúe cristais pegados ou calzados no vehículo, aplicando o proceso adecuado e as instrucións específicas de fábrica	SI
RA4 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.9 Executouse a fixación do cristal segundo as especificacións de fábrica e de xeito que se asegure a calidade de funcionamento
CA2.10 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA3.1 Relacionouse o tipo de cristal montado no vehículo co seu tipo de ancoraxe ou mediante a serigrafía correspondente ao datos de homologación, describindo as súas características principais
CA3.2 Realizouse con destreza o proceso de desmontaxe e montaxe de cristais calzados, segundo os procedementos establecidos e en condicións de seguridade
CA3.3 Realizouse con habilidade o proceso de desmontaxe dos cristais pegados, elixindo os procedementos adecuados e a ferramenta máis conveniente
CA3.4 Realizouse con destreza o despegamento de elementos adheridos ao cristal (espello retrovisor, sensores, etc.)
CA3.5 Relacionáronse os elementos construtivos coas técnicas de desmontaxe empregadas (coitelo térmico, corda de piano, etc.)
CA3.6 Limpáronse adecuadamente e cos medios estipulados as zonas que vaian estar en contacto, e aplicáronse os produtos de imprimación convenientes para obter a calidade prescrita
CA3.7 Seleccionáronse os produtos adecuados segundo os materiais que se vaian unir, tendo en conta as características de cada un e segundo as especificacións prescritas por fábrica
CA3.8 Colocouse o cristal sobre o marco do vehículo, gardando a homoxeneidade cos elementos adxacentes e segundo as cotas especificadas por fábrica
CA3.9 Realizouse a reparación de cristais laminados, identificando o tipo de dano que cumpra reparar, utilizando as resinas adecuadas e seguindo os procedementos prescritos, asegurando unha reparación de calidade
CA3.10 Comprobouse a calidade da reparación e corríronse as anomalías detectadas
CA3.11 Operouse ordenadamente, con pulcritude e precisión, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA4.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA4.2 Identifícanse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA4.3 Aplicáronse en todo o desenvolvemento do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental
CA4.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA4.5 Identifícanse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller de preparación de superficies, e depositáronse nos seus contedores específicos

Criterios de avaliación
CA4.6 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida
CA4.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Cristais temperados: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.
Cristais laminados: tipos; técnicas de desmontaxe, montaxe e axustes; utensilios.
Reparación de cristais laminados.
Tipos de danos.
Técnicas de reparación.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.
Directivas de residuos e de envases.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS EXIXIBLES:

- Relacionar os tipos de materiais empregados na fabricación dos vehículos e as súas carrozarías.
  - Identificar diferentes tipos de vehículos utilizando as súas placas e o número VIN.
  - Relacionar os elementos amovibles susceptibles de ser substituídos e indicar as súas características estruturais.
  - Recoñecer as pezas da carrozaría tanto no vehículo como nos manuais de taller.
  - Levar a cabo a lubricación, limpeza, utillaxe e ferramenta utilizadas.
  - Operar de forma ordenada, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e técnicas adecuadas, procurando non causar danos nos elementos periféricos.
  - Identificar os riscos inherentes do traballo en función dos materiais que se vaian a empregar e das máquinas que se vaian a manexar.
  - Identificar os riscos ambientais asociados a o traballo.
  - Empregar correctamente os equipos de protección individual.
- 
- Relacionar os tipos de unións atornilladas indicando as súas características.
  - Relacionar os tipos de unións remachadas indicando as súas características.
  - Relacionar os tipos de unións articuladas indicando as súas características.
  - Relacionar os tipos de unións pegadas (non estruturais) indicando as súas características.
  - Relacionar outros tipos de sistemas de unión (abrazadeiras, bridas...) indicando as súas características.
  - Unión de elementos de aluminio e plástico por medio das técnicas de remachado e pegado.
  - Desmontaxe e montaxe de elementos do vehículo mediante unións atornilladas (identificando o sistema de rosca, métrico, inglés, etc. en cada caso) empregando unha chave dinamométrica na montaxe.
  - Reparación de roscas danadas, empregando terraxas e machos.
  - Comprobar que as pezas susceptibles de substitución gardan as mesmas características estruturais e metrolóxicas.
  - Levar a cabo a lubricación, limpeza, do utillaxe e das ferramenta utilizadas.
  - Operar de forma ordenada, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e técnicas adecuadas, procurando non causar danos nos elementos periféricos.
  - Identificar os riscos inherentes do traballo en función dos materiais que se vaian a empregar e das máquinas que se vaian a manexar.
  - Identificar os riscos ambientais asociados a o traballo.
  - Empregar correctamente os equipos de protección individual.
- 
- Realizar a substitución de elementos amovibles (portas, capó, portón traseiro, tapa de maletero, aletas dianteiras, frente, paragolpes, gornecementos internos, asentos, placas insonorizantes, pechaduras de portas, alzacrístais, espello retrovisor, elementos adheridos ao cristal) empregando as ferramentas e utillaxe apropiados e xustificando a técnica utilizada.
  - Comprobar que as pezas susceptibles de substitución gardan as mesmas características estruturais e metrolóxicas.
  - Igualar a peza substituída en cada intre coas pezas adxacentes mantendo as cotas establecidas polo fabricante.

- Limpiar adecuadamente cos medios estipulados as zonas que vaian a estar en contacto, aplicando os produtos de imprimación convenientes para obter a calidade prescrita.
  - Comprobar a calidade da reparación e correxir as anomalías detectadas.
  - Levar a cabo a lubricación, limpeza, utillaxe e ferramenta utilizadas.
  - Operar de forma ordenada, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e técnicas adecuadas, procurando non causar danos nos elementos periféricos.
  - Identificar os riscos inherentes do traballo en función dos materiais que se vaian a empregar e das máquinas que se vaian a manexar.
  - Identificar os riscos ambientais asociados a o traballo.
  - Identificáronse os residuos producidos nas actividades realizadas e depositáronse nos contedores específicos.
  - Empregar correctamente os equipos de protección individual.
- 
- Relacionar o tipo de cristal montado no vehículo co seu tipo de ancoraxe ou mediante a serigrafía correspondente cos datos de homologación, describindo as súas características principais.
  - Executar a fixación dun cristal segundo as especificacións do fabricante e de xeito que se asegure a calidade do funcionamento.
  - Realizar o proceso de desmontaxe e montaxe de cristais calzados, seguindo os procedementos establecidos en condicións de seguridade.
  - Realizar con habilidade o proceso de desmontaxe e montaxe de cristais pegados, elixindo os procedementos adecuados e a ferramenta máis conveniente.
  - Relacionar os elementos constructivos coas técnicas de desmontaxe empregadas (coitelo térmico, corda de piano, etc.)
  - Limpiar adecuadamente e cos medios adecuados as zonas que vaian a estar en contacto, aplicando os produtos de imprimación convenientes para obter a calidade prescrita polo fabricante.
  - Seleccionar os produtos adecuados segundo os materiais que se vaian a unir, tendo en conta as características de cada un e segundo as especificacións prescritas por fábrica.
  - Colocar o cristal sobre o marco do vehículo, gardando a homoxeneidade cos elementos adxacentes e segundo as cotas especificadas por fábrica.
  - Realizar a reparación de cristais laminados, identificando o tipo de dano que cumpre reparar, utilizando as resinas adecuadas e seguindo os procedementos prescritos, asegurando unha reparación de calidade.
  - Comprobar durante todos os procesos que as pezas que se vaian a substituír garden as mesmas características estruturais e metrolóxicas.
  - Comprobar a calidade da reparación e correxir as anomalías detectadas.
  - Levar a cabo a lubricación, limpeza, da utillaxe e a ferramenta utilizadas.
  - Operar de forma ordenada, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e técnicas adecuadas, procurando non causar danos nos elementos periféricos.
  - Identificar os riscos inherentes do traballo en función dos materiais que se vaian a empregar e das máquinas que se vaian a manexar.
  - Identificar os riscos ambientais asociados a o traballo.
  - Identificáronse os residuos producidos nas actividades realizadas e depositáronse nos contedores específicos.
  - Empregar correctamente os equipos de protección individual.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Na avaliación do alumnado e na configuración da súa cualificación definitiva terase en conta ademais das probas escritas, listas de cotexo e táboas de observación, corrixidas conforme a criterios obxetivos, a entrega de traballos (individuais e/ou en grupo) requeridos polo profesor, realización por parte dos alumnos/as de actividades propostas en clase e a súa traslación ao caderno do curso, a participación activa do alumnado, a asistencia e puntualidade, actitude positiva e respetuosa na clase ós seus compañeiros e cara ao seu profesor.

Cando o alumno/a acade unha puntuación final media igual ou superior a 5 puntos entenderase que o módulo está superado.

A obriga fundamental do alumnado será a de asistir e participar nas clases.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- Contidos conceptuais e procedimentais: 80% (na valoración global).
- Contidos actitudinais: 20% (na valoración global).

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

A avaliación presenta unha importancia moi destacable debido á influencia que pode exercer sobre os elementos do currículo (os obxetivos, os contidos e a metodoloxía). Unha xestión axeitada e coherente do proceso de avaliación ha de influir positivamente na mellora dos procesos didácticos, achegando a información sobre a adaptación das actividades de ensino e aprendizaxe ás necesidades do alumnado, sobre a validez da metodoloxía empregada, sobre as solucións organizativas adoptadas, e sobre a mellora do proceso educativo en xeral.

A avaliación supón unha tarefa de reflexión que comprende todas as partes implicadas nela (profesorado e alumnado) e debe constituir un punto de inflexión a través do que se poidan valorar os logros acadados e os erros cometidos, co fin de mellorar o proceso de ensino e aprendizaxe na súa totalidade.

O alumnado que non supere os obxectivos e os contidos mínimos, será informado dos erros cometidos e sometido a un plan de recuperación co apoio e a orientación do profesor. Despois faráselle unha proba semellante á realizada na avaliación xeral de todos os alumnos, valorando o esforzo realizado e a actitude amosada durante o curso. A avaliación será continua.

#### **RECUPERACIÓN ORDINARIA:**

As probas de recuperación levaráanse a cabo con aqueles alumnos/as que non houberen acadado os mínimos de avaliación exixidos. Esta recuperación farase por medio de probas escritas, probas prácticas e presentación de traballos sobre os contidos da materia. Cando o profesor o considere oportuno, fíxase unha proba de recuperación por cada trimestre (a devandita proba non superará a calificación de 6. En todo caso, os alumnos que lle quede algunha avaliación pendente terán dereito a unha proba de recuperación final que se celebrará no mes de xuño. Esta proba considerarase superada cando o alumno/a obteña unha puntuación igual ou superior a 5.

#### **RECUPERACIÓN EXTRAORDINARIA:**

No mes de xuño realizarase unha convocatoria extraordinaria para os alumnos que non houberen superado os obxectivos e os contidos mínimos.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

A perda do dereito a avaliación continua nun determinado módulo regulado no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 non será de aplicación ó alumnado de ciclos de formación profesional básica.

O artigo 25 da devandita Orde dí o seguinte:

Aspectos xerais do proceso de avaliación.

1. A avaliación do aprendizaxe do alumnado nos ciclos formativos realizarase de modo diferenciado por módulos profesionais. En todo caso, a avaliación na formación profesional inicial realizarase tomando como referencia os obxetivos, expresados en resultados de aprendizaxe, e os criterios de avaliación de cada un dos módulos profesionais e os obxetivos xerais do ciclo formativo, según o establecido no correspondente currículo.
2. A avaliación realizarase ó longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de enseñanza presencial será necesaria a asistencia do alumnado as actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.
3. O número de faltas que implica a perda do dereito a avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. A efectos de determinación da perda do dereito a avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réximen interior do centro.
4. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades ós alumnos y ás alumnas que perdesen o dereito a avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, ó resto do grupo o as instalacións.
5. O alumnado que perde o dereito á avaliación continua co que, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa a avaliación final dos módulos correspondentes.

No mes de xuño farase unha proba extraordinaria para aquel alumnado que non acadara os obxetivos mínimos esixibles e para aqueles con perda de avaliación continua. A proba consistirá nun exame teórico de toda a materia impartida durante o curso así como de unha proba práctica onde se avaliará a destreza e manexo das diferentes actividades prácticas feitas no taller. Para acceder a proba práctica é necesario ter un mínimo dun 5 antes na proba teórica. O alumno superará a materia pendente se acada o mínimo dun 5 en cada unha das probas.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A avaliación é unha compoñente básica no proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación ha de ser coherente coas características do Título Profesional Básico en Mantemento de vehículos, cos obxetivos formulados e coa metodoloxía empregada.

A avaliación ha de ser formativa e ha de servir para fomentar a reflexión e para orientar e analizar o proceso educativo; por iso, a avaliación terá que ser:

- Continua, para observar o proceso de aprendizaxe.
- Integral, para considerar tanto a adquisición de novos conceptos, como de procedementos, actitudes, capacidades de relación e comunicación e de desenvolvemento autónomo de cada estudante.
- Individualizada, para que se axuste ás características do proceso de aprendizaxe de cada alumno/a e non dos alumnos/as en xeral.
- Orientadora, porque debe ofrecer información permanente sobre a evolución do alumnado con respecto ó proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do currículo programado pretende como obxectivo principal a corrección das desviacións que poideran producirse no proceso de ensino-aprendizaxe, desde este punto de vista, cando se avalie hanse de ter en conta:

- A adecuación dos obxetivos ás características de cada grupo.
- A idoneidade dos procedementos utilizados.
- A marcha das actividades programadas.

O seguimento da programación é un dos puntos que se deberán tratar sempre que se faga uha reunión do departamento.

No departamento de Automoción consideramos que un dos xeitos para avaliar a propia programación sería a través do cumprimento dos obxetivos programados para cada módulo. O feito de non acadar o cumprimento dos devanditos obxetivos daría lugar á revisión da metodoloxía empregada, secuenciación de contidos, adecuación dos criterios de avaliación, e se son axeitados ou non as medidas adoptadas para a atención ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

**AVALIACIÓN INICIAL:** realizarase ó inicio do proceso, cunha pequena proba que contará dunha serie de preguntas sinxelas básicas co fin de coñecer os coñecementos previos do alumnado e deste xeito contribuir á maior adaptación posible da organización e da programación deste. A reunión de avaliación inicial será realizada segundo os criterios establecidos pola Xefatura de Estudos en cada curso académico. O profesorado, de xeito individual, fará unha previa avaliación inicial, que será posta en valor con posterioridade de xeito colexiado e presidida pola Xefatura de Estudos. Nesta reunión determinaranse as características do grupo analizado e a medidas de reforzo a levar a cabo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Á hora de levar a cabo a programación didáctica na aula o profesorado dos distintos módulos poderémonos atopar cun alumnado de perfís académicos ben distintos:

- Alumnado con alta capacidade para asimilar os coñecementos e, a súa vez, interese pola materia impartida.
- Alumnado con dificultade de asimilación dos coñecementos e, a súa vez, interese pola materia impartida.
- Alumnado con capacidade para asimilar e pouco interese.
- Alumnado con dificultades de aprendizaxe e pouco interese académico.
- Alumnado con dificultade para o entendemento do idioma.

O mellor xeito de atender á diversidade é ha de previr problemas de aprendizaxe e elaborar programacións que sexan sensibles ás diferenzas e que favorezan á individualización do ensino.

Como medidas de apoio a levar a cabo ante alumnos/as que presenten necesidades especiais, poderíamos citar:

- Potenciar a atención individualizada, sempre que sexa posible.
- Uso de metodoloxías flexibles á hora de levar a cabo a explicación na aula.
- Ritmos de traballo distintos en canto á resolución de actividades na aula.
- Utilización de materiais didácticos non homoxéneos (diferentes graos de complexidade).

Co propósito de dar resposta educativa aos alumnos con altas capacidades intelectuais estableceranse actividades de ampliación de currículo.

En todos os supostos é fundamental a coordinación co Departamento de Orientación.



## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

O alumnado, á marxe dos contidos académicos, deberá recibir e asimilar por parte do profesorado unha serie de valores, tales como:

- O respecto de cara ó profesorado, así como ós seus compañeiros e o material.
- Especial fincapé na cultura do esforzo.
- Actitude positiva no proceso de aprendizaxe.
- Iniciativa e procesos emprendedores de cara á aplicación do aprendido.
- Orde e pulcritude nos traballos realizados.
- Predisposición para o traballo en equipo.

Ademáis, neste módulo desenvolveremos actividades que contribúen a que o alumnado desenvolva as seguintes capacidades:

- a) Educación moral e cívica: fomentando o respecto polas persoas, sexa cal sexa a súa condición social, sexual, racial ou relixiosa, valorando o pluralismo e a diversidade.
- b) Educación na paz: traballando a actitude fronte ós conflitos, véndoos como algo natural que, ven entendidos, axudan á convivencia e a madurez.
- c) Educación para igualdade de oportunidades de ambos sexos.
- d) Educación medioambiental: potenciando o aproveitamento e a reciclaxe dos materiais e o aforro enerxético.
- e) Educación para a saúde: traballando a atención e o respecto polas normas de uso de ferramentas, máquinas e aparellos. Fomentando o respecto pola orde e limpeza do posto de traballo.
- f) Educación do consumidor: potenciarase o consumo moderado e responsable de materiais e recursos

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Faranse aquelas que se acorden no Departamento.